

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

- 836** *Real decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, de modificación de determinadas obrigas tributarias formais e procedementos de aplicación dos tributos e de modificación doutras normas con contido tributario.*

#### I

Desde a entrada en vigor do Regulamento xeral das actuacións e dos procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, púxose de manifesto a necesidade de realizar unha serie de adaptacións en relación con determinadas obrigas formais que nel se regulan, que afecta especialmente os deberes de información.

Pola súa vez, o impulso ás relacións electrónicas entre a Administración e os cidadáns que supuxo a aprobación da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, fai necesario que se concreten determinados efectos que poden derivar do emprego de medios electrónicos.

Con eses obxectivos adóptase este real decreto, que incorpora, así mesmo, unha serie de modificacións de carácter técnico.

#### II

O artigo primeiro modifica o Regulamento da organización e réxime do notariado, aprobado polo Decreto do 2 de xuño de 1944, para os efectos de concretar, en relación con determinados medios de pagamento, qué datos concretos deberán quedar incorporados no documento público, xa sexa a través de acreditación documental, xa sexa vía manifestación ante o notario, constancia que implicará que o dito medio de pagamento se deba entender suficientemente identificado, permitindo o acceso ao Rexistro da Propiedade do instrumento público.

Por outra parte, e en conexión co anterior, establécese unha especificación no relativo á obriga de comunicación por parte do Consello Xeral do Notariado cara á Administración tributaria dos supostos en que non exista identificación das contas de cargo e aboamento cando o medio de pagamento sexa a transferencia ou a domiciliación bancarias.

#### III

No artigo segundo do real decreto introdúcese unha modificación no Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, aprobado polo Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro, en relación coa expedición de facturas pola Comisión Nacional de Enerxía en nome e por conta dos distribuidores e dos produtores de enerxía eléctrica en réxime especial ou dos seus representantes.

#### IV

No artigo terceiro modifícase o Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 1777/2004, do 30 de xullo, para establecer unha exclusión tanto de soportar como de practicar retencións, de carácter subxectivo, para a Sociedade de Xestión dos Sistemas de Rexistro, Compensación e Liquidación de Valores, en relación coas rendas derivadas dos préstamos de valores realizados pola dita entidade como mecanismo de aseguramento da liquidación en prazo das operacións bolsistas.

## V

O artigo cuarto modifica determinados preceptos do Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo.

En primeiro lugar, modifícanse varios preceptos para dar un tratamento normativo adecuado a aqueles supostos de creación de entidades coa única finalidade de transmitir posteriormente as súas accións, participacións ou títulos representativos dos fondos propios a terceiros, especialmente no marco de políticas de promoción empresarial e fomento da actividade económica. Neste sentido, posponse o cómputo do prazo para o inicio da actividade da entidade, para efectos da revogación do número de identificación fiscal e, a cambio, establécese a obriga de facilitar determinada información censual.

No marco da redución de cargas administrativas, modifícase o mencionado regulamento co obxecto de estender a exoneración da obriga de presentar a declaración censual de alta no censo de empresarios, profesionais e retedores a todas aquelas persoas ou entidades que, de acordo coa normativa correspondente, poidan utilizar e utilicen o documento único electrónico para o inicio da súa actividade económica.

Introdúcese unha modificación destinada a que aqueles obrigados tributarios que deben presentar electronicamente a información contida nos libros-rexistro do imposto sobre o valor engadido ou do imposto xeral indirecto canario, sigan subministrando a información correspondente ás compensacións agrícolas satisfeitas a persoas acollidas ao réxime especial de agricultura, gandería e pesca a través da declaración anual de operacións con terceiras persoas (modelo 347).

Por outra parte, con obxecto de facilitar o cumprimento de obrigas informativas, introdúcese unha modificación de carácter técnico que afecta a imputación temporal da obriga de informar, na declaración anual de operacións con terceiros, sobre as cantidades superiores a 6.000 euros que se perciban en metálico. A modificación consiste en especificar o momento e a forma en que o obrigado tributario debe declarar aquelas cantidades en metálico derivadas de operacións incluídas na declaración anual correspondente, pero percibidas tras a presentación da dita declaración.

Ademais do anterior, establécese un límite de seis mil euros á declaración informativa anual de saldos en 31 de decembro de créditos ou préstamos concedidos polas entidades de crédito aos seus clientes, coa clara finalidade de minorar a carga que supón o cumprimento desta obriga.

Por motivos de control, as entidades crediticias deberán informar das cantidades que entreguen ou reciban en metálico por importe superior a 3.000 euros, así como das operacións realizadas por empresarios ou profesionais adheridos ao sistema de cobramentos mediante tarxeta de crédito ou débito cando o importe neto anual destes cobramentos exceda os 3.000 euros.

Para evitar a duplicidade na subministración de información sobre os plans de previsión social empresarial, exímense as empresas que instrumenten compromisos por pensións a través dos ditos plans de informar ao respecto.

Modifícase a redacción dun dos supostos de interrupción xustificada do prazo de resolución dos procedementos tributarios para atender adecuadamente o dereito recoñecido aos cidadáns no artigo 6.2.b da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, de non achegar datos e documentos que consten en poder das administracións públicas. O obxectivo é que quede claro que no dito suposto regulamentario tamén se inclúen as interrupcións derivadas da solicitude deses datos ou documentos, por medios electrónicos, por parte da Administración tributaria a outros órganos da mesma ou doutra Administración, como consecuencia do exercicio polo obrigado tributario do mencionado dereito. Sen prexuízo, lóxicamente, da observancia do desenvolvemento regulamentario que se faga deste precepto legal.

Tamén no marco do fomento das relacións electrónicas entre a Administración e os cidadáns, introdúcese un novo artigo destinado a adaptar o réxime de notificacións ao novo contexto que supón a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns

aos servizos públicos, e en virtude do cal se regula a posible atribución dun enderezo electrónico, para efectos de notificacións tributarias, a entidades e persoas físicas que pertencen a determinados colectivos.

Desde un punto de vista estritamente procedemental, introdúcese varias modificacións:

1. Recóllese, no ámbito do procedemento de rectificación de autoliquidacións, a posibilidade de que un procedemento desta natureza poida finalizar como consecuencia do inicio dun procedemento de aplicación dos tributos distinto por parte da Administración tributaria;

2. Introdúcese unha nova disposición, relativa ao procedemento no ámbito alfandegueiro, clarificando a posibilidade que ten a Administración de comprobar as liquidacións practicadas no ámbito alfandegueiro, mesmo cando fosen xa obxecto de comprobación administrativa para a retirada das mercadorías;

3. Para lograr unha execución máis eficiente por parte da Administración tributaria das resolucións administrativas ou xudiciais, outórgaselles aos órganos de inspección a posibilidade de levar a cabo as actuacións que sexan necesarias para a execución, facendo uso das facultades previstas no artigo 142 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

## VI

A disposición transitoria única establece o réxime transitorio das obrigas de información establecidas para as entidades creadas para a súa posterior transmisión a terceiros.

Por último, a disposición derradeira única establece a súa entrada en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado, coa excepción da nova disposición adicional sexta do Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, cuxa entrada en vigor se producirá o 1 de novembro de 2009, data en que se empeza a aplicar o sistema de facturación que asume a Comisión Nacional de Enerxía.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Economía e Facenda e do ministro de Xustiza, coa aprobación previa da ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 8 de xaneiro de 2010,

## DISPOÑO:

**Artigo primeiro.** *Modificación do Regulamento da organización e réxime do notariado, aprobado polo Decreto do 2 de xuño de 1944.*

Modifícase o artigo 177 do Regulamento da organización e réxime do notariado, aprobado polo Decreto do 2 de xuño de 1944, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 177.

O prezo ou valor dos dereitos determinarase en efectivo, de acordo co sistema monetario oficial de España; tamén se poderán expresar as cantidades en moeda ou valores estranxeiros, pero reducíndoos simultaneamente a moeda española. De igual modo, os valores públicos ou industriais calcularanse en efectivo metálico, de acordo cos tipos oficiais ou contractuais.

Nas escrituras públicas relativas a actos ou contratos polos cales se declaren, constitúan, transmitan, graven, modifiquen ou extingan a título oneroso o dominio e os demais dereitos reais sobre bens inmoables, identificaranse, cando a contraprestación consista, en todo ou en parte, en diñeiro ou signo que o represente, os medios de pagamento empregados polas partes, nos termos previstos no artigo 24 da Lei do notariado, de acordo coas seguintes regras:

1.<sup>a</sup> Os comparecentes expresarán os importes satisfeitos en metálico e quedará constancia na escritura destas manifestacións.

2.<sup>a</sup> O notario incorporará testemuño dos cheques e demais instrumentos de xiro que se entreguen no momento do outorgamento da escritura. Os comparecentes deberán, así mesmo, manifestar os datos a que se refire o artigo 24 da Lei do notariado, correspondentes aos cheques e demais instrumentos de xiro que fosen entregados con anterioridade ao momento do outorgamento, e expresarán ademais a súa numeración e o código da conta de cargo. En caso de cheques bancarios ou outros instrumentos de xiro librados por unha entidade de crédito, entregados con anterioridade ou no momento do outorgamento da escritura, o comparecente que efectúe o pagamento deberá manifestar o código da conta con cargo á cal se achegaron os fondos para o libramento ou, se é o caso, a circunstancia de que se libraron contra a entrega do importe en metálico. De todas estas manifestacións quedará constancia na escritura.

3.<sup>a</sup> En caso de pagamento por transferencia ou domiciliación, os comparecentes deberán manifestar os datos correspondentes aos códigos das contas de cargo e aboamento e quedará constancia na escritura destas manifestacións.

No marco do artigo 17.3 da Lei do 28 de maio de 1862, do notariado, o Consello Xeral do Notariado proporcionará á Axencia Estatal da Administración Tributaria información, en particular, no caso de pagamentos por transferencia ou domiciliación, cando non se lle comunicasen ao notario as contas de cargo e aboamento.

No caso de que os comparecentes se neguen a identificar os medios de pagamento empregados, o notario advertirá verbalmente aqueles do disposto no número 3 do artigo 254 da Lei hipotecaria, do 8 de febreiro de 1946 e deixará constancia, así mesmo, desta advertencia na escritura.

Para os efectos previstos no parágrafo anterior, entenderanse identificados os medios de pagamento se constan na escritura, por soporte documental ou manifestación, os seus elementos esenciais. Para estes efectos, se o medio de pagamento for cheque, será suficiente que conste librador e librado, beneficiario, se é nominativo, data e importe; se se tratar de transferencia, entenderase suficientemente identificada, aínda que non se acheguen os códigos das contas de cargo e aboamento, sempre que conste o ordenante, beneficiario, data, importe, entidade emisora e ordenante e receptora ou beneficiaria.

Igualmente, nas escrituras citadas o notario deberá incorporar a declaración previa do movemento dos medios de pagamento achegada polos comparecentes cando proceda presentar esta nos termos previstos na normativa de prevención do branqueo de capitais. Se o obrigado a iso non presentar a dita declaración, o notario fará constar esa circunstancia na escritura e comunicarllo ao órgano correspondente do Consello Xeral do Notariado.»

**Artigo segundo.** *Modificación do Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, aprobado polo Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro.*

Engádesse unha disposición adicional sexta ao Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, aprobado polo Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional sexta. *Expedición de factura pola Comisión Nacional de Enerxía en nome e por conta dos distribuidores e dos produtores de enerxía eléctrica en réxime especial ou dos seus representantes.*

1. A función de liquidación e pagamento que o artigo 30 do Real decreto 661/2007, do 25 de maio, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica en réxime especial, lle atribúe á Comisión Nacional de Enerxía respecto das primas equivalentes, das primas, dos incentivos e dos complementos que correspondan aos produtores de electricidade en réxime especial, documentarase mediante facturas expedidas pola dita Comisión en nome e por conta das entidades produtoras, ou en nome e por conta dos seus representantes.

Así mesmo, a Comisión Nacional de Enerxía deberá expedir facturas en nome e por conta dos distribuidores de enerxía eléctrica que se correspondan cos requirimentos de ingreso que efectúe a citada Comisión polas primas equivalentes, as primas, os incentivos e os complementos a que se refire o artigo 30 do Real decreto 661/2007, do 25 de maio, e a disposición adicional sétima do Real decreto 485/2009, do 3 de abril, que fosen cobrados por aqueles aos consumidores do dito ben.

2. Nas facturas a que se refire o punto anterior deberanse facer constar todos os datos enumerados no artigo 6.1 deste regulamento coa excepción dos datos relativos á identificación do destinatario nas facturas expedidas por conta dos produtores ou dos seus representantes, e os datos relativos á identificación do expedidor nas facturas expedidas por conta dos distribuidores. En ambos os casos, estes datos serán substituídos polos de identificación da Comisión Nacional de Enerxía.

A Comisión Nacional de Enerxía deberá conservar o orixinal das facturas expedidas e remitir copia delas ao distribuidor e ao produtor ou, se é o caso, ao seu representante.

As facturas así expedidas que teñan que ser conservadas pola Comisión Nacional de Enerxía quedarán á disposición da Administración tributaria durante o prazo de prescrición para a realización das comprobacións que resulten necesarias en relación coas subministracións reflectidas nelas.

3. A Comisión Nacional de Enerxía deberá relacionar na súa declaración anual de operacións con terceiras persoas as operacións realizadas polos produtores de enerxía eléctrica, polos seus representantes e polos distribuidores que fosen documentadas de acordo co establecido por esta disposición adicional e indicar, respecto de cada produtor ou representante e de cada distribuidor, o importe total das operacións efectuadas durante o período a que se refira a declaración, facendo constar como compras as entregas de enerxía eléctrica en réxime especial imputadas a cada produtor ou representante e como vendas os requirimentos de ingreso notificados a cada distribuidor en relación coas primas equivalentes, primas, incentivos e complementos a que se refire esta disposición adicional.

4. O disposto nesta disposición adicional débese entender sen prexuízo da documentación que, se é o caso, expida e remita a Comisión Nacional de Enerxía aos distribuidores polos requirimentos de ingreso que realice con inclusión do imposto sobre o valor engadido ou imposto equivalente, en relación ás primas equivalentes, ás primas, aos incentivos e aos complementos a que se refire o artigo 30 do Real decreto 661/2007, do 25 de maio, e a disposición adicional sétima do Real decreto 485/2009, do 3 de abril.

5. Os dereitos de cobramento e as obrigas de pagamento correspondentes ao período facturado consideraranse vinculados a unha única entrega de enerxía eléctrica pola totalidade deste período.

6. En todo caso, e respecto das operacións a que se refire esta disposición adicional, a Comisión Nacional de Enerxía deberá prestar a súa colaboración á Administración tributaria proporcionando calquera dato, informe ou antecedente con transcendencia tributaria para o correcto tratamento das ditas operacións.»

**Artigo terceiro.** *Modificación do Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 1777/2004, do 30 de xullo.*

Engádese unha nova alínea z) ao artigo 59 do Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 1777/2004, do 30 de xullo, que queda redactado da seguinte forma:

«z) As remuneracións e compensacións por dereitos económicos que perciba a Sociedade de Xestión dos Sistemas de Rexistro, Compensación e Liquidación de Valores polos préstamos de valores realizados en cumprimento do establecido no

artigo 57 do Real decreto 116/1992, do 14 de febreiro, sobre representación de valores por medio de anotacións en conta e compensación e liquidación de operacións bolsistas.

Así mesmo, a entidade mencionada no parágrafo anterior tampouco estará obrigada a practicar retención polas remuneracións e compensacións derivadas dos préstamos de valores tomados en cumprimento do previsto no citado artigo 57, que aboe ás entidades ou persoas prestamistas. Todo isto sen prexuízo da suxeición destas rendas á retención que corresponda, de acordo coa normativa reguladora do correspondente imposto persoal do prestamista que, cando proceda, deberá practicala a entidade participante que intermedie no seu pagamento a aquel; para este efecto non se entenderá que efectúa unha simple mediación de pagamento.»

**Artigo cuarto.** *Modificación do Regulamento xeral das actuacións e dos procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo.*

Introdúcense as seguintes modificacións no Regulamento xeral das actuacións e dos procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo:

Un. Introdúcese unha nova alínea l) no número 2 do artigo 4, coa seguinte redacción:

«l) A declaración de que a entidade se constitúe coa finalidade específica da posterior transmisión a terceiros das súas participacións, accións e demais títulos representativos dos fondos propios, e de que non realizará actividade económica ata a dita transmisión.

Ata ese momento estas entidades non formarán parte dos rexistros a que se refiren os números 3, 4, 5 e 6 do artigo 3.»

Dous. Modifícase o número 2 do artigo 12, que queda redactado da seguinte forma:

«2. As variacións posteriores á alta censual, incluídas as relativas ao inicio da actividade, domicilio, nome e apelidos ou razón social ou denominación completa e número de identificación fiscal dos socios ou persoas ou entidades que a integren, comunicaranse mediante a declaración de modificación regulada no artigo 10. Non será necesario comunicar as variacións relativas aos socios, membros ou partícipes das entidades unha vez que se inscriban no rexistro correspondente e obteñan o número de identificación fiscal definitivo.

Non obstante, as entidades sen personalidade xurídica deberán comunicar as variacións relativas aos seus socios, comuneiros ou partícipes, aínda que obtivesen un número de identificación fiscal definitivo, salvo que teñan a condición de comunidades de propietarios constituídas en réxime de propiedade horizontal e estean incluídas no censo de empresarios, profesionais e retedores.

Igualmente, as entidades a que se refire o artigo 4.2.l) deberán comunicar no prazo dun mes desde a data de formalización da súa transmisión as modificacións que se producisen respecto dos datos consignados nas declaracións anteriores, incluídos os relativos aos socios, membros ou partícipes.»

Tres. Modifícase o artigo 15, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 15. *Substitución da declaración de alta polo documento único electrónico.*

As declaracións censuais de alta previstas no artigo 9 que deban realizar as persoas ou entidades para o inicio da súa actividade económica poderanse realizar mediante o documento único electrónico (DUE), recollido na disposición adicional

oitava da Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada, naqueles casos en que a normativa autorice o seu uso, sen prexuízo da presentación posterior das declaracións de modificación e baixa que correspondan, na medida en que varíe ou deba ampliarse a información e as circunstancias reflectidas nese documento único electrónico.»

Catro. Modifícase a alínea e) do número 1 do artigo 32, que queda redactado da seguinte forma:

«e) Os obrigados tributarios que deban informar sobre as operacións incluídas nos libros-rexistro de acordo co artigo 36, salvo cando realicen as operacións seguintes:

As subvencións, os auxilios ou as axudas satisfeitas polas entidades integradas nas distintas administracións públicas a que se refire o parágrafo segundo do artigo 31.2.

As operacións a que se refiren as alíneas d), e), f), g), h) e i) do artigo 34.1.

As operacións suxeitas ao imposto sobre a produción, os servizos e a importación nas cidades de Ceuta e Melilla.

As operacións polas cales os empresarios ou profesionais que satisfagan compensacións agrícolas expedisen o recibo a que se refire o artigo 14.1 do Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, aprobado polo Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro.»

Cinco. Introdúcese un novo número 5 no artigo 35, coa seguinte redacción:

«5. Cando as cantidades percibidas en metálico previstas no artigo 34.1.h) non se poidan incluír na declaración do ano natural en que se realizan as operacións por percibirse con posterioridade á súa presentación ou por non ter alcanzado nese momento un importe superior a 6.000 euros, os obrigados tributarios deberán incluílas separadamente na declaración correspondente ao ano natural posterior en que se efectuase o cobramento ou se alcanzase o importe sinalado anteriormente.»

Seis. Modifícase o artigo 38, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 38. *Obriga de informar acerca de préstamos e créditos e de movementos de efectivo.*

As entidades de crédito e demais entidades que, de acordo coa normativa vixente, se dediquen ao tráfico bancario ou crediticio, estarán obrigadas a presentar as seguintes declaracións informativas anuais:

a) Declaración dos saldos por importe superior a 6.000 euros, existentes en 31 de decembro, dos créditos e préstamos por elas concedidos, en que se incluírá o nome e apelidos ou razón social ou denominación completa e o número de identificación fiscal do acreditado ou prestameiro.

b) Declaración das imposicións, disposicións de fondos e dos cobramentos de calquera documento, que se realicen en moeda metálica ou billetes de banco cando o seu importe sexa superior a 3.000 euros, calquera que sexa o medio físico ou electrónico utilizado, xa estean denominados en euros ou en calquera outra moeda.

Non se incluírán nesta declaración informativa aquelas operacións que deban ser obxecto de comunicación á Administración tributaria de acordo co previsto no artigo 41.

A declaración conterá o importe en euros de cada operación, o seu carácter de imposición, disposición ou cobramento, a súa data, a identificación de quen a realiza

e o número de conta en que se efectúan os correspondentes cargos ou aboamentos, así como calquera outro dato relevante para o efecto para concretar aquela información que estableza a orde ministerial pola cal se aprobe o modelo correspondente.»

Sete. Engádesse un novo artigo 38 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 38 bis. *Obriga de informar acerca dos cobramentos efectuados mediante tarxetas de crédito ou débito.*

As entidades bancarias ou de crédito e demais entidades que, de acordo coa normativa vixente, presten o servizo de xestión de cobramentos a través de tarxetas de crédito ou de débito a empresarios e profesionais establecidos en España estarán obrigadas a presentar unha declaración informativa anual das operacións realizadas polos empresarios ou profesionais adheridos a este sistema cando o importe neto anual dos mencionados cobramentos exceda os 3.000 euros.

A declaración conterá a identificación completa dos empresarios ou profesionais, o número de comercio con que estes operan no sistema, o importe anual facturado, a identificación das contas a través das cales se efectúen os cobramentos, así como calquera outro dato relevante para o efecto para concretar aquela información que estableza a orde ministerial pola cal se aprobe o modelo correspondente.»

Oito. Modifícase a alínea d) do artigo 53, que queda redactada da seguinte forma:

«d) As empresas ou entidades que instrumenten compromisos por pensións mediante un contrato de seguro, excluídos os plans de previsión social empresarial, que incluírán individualmente as persoas polas cales efectuaron contribucións e o importe correspondente a cada unha delas.»

Nove. Modifícase a alínea a) do artigo 103, que queda redactada da seguinte forma:

«a) Cando, por calquera medio, se pidan datos, informes, ditames, valoracións ou documentos a outros órganos ou unidades administrativas da mesma ou doutras administracións, polo tempo que transcorra desde a remisión da petición ata a recepción daqueles polo órgano competente para continuar o procedemento, sen que a interrupción por este concepto poida exceder, para todas as peticións de datos, informes, ditames, valoracións ou documentos que se poidan efectuar, os seis meses. Cando se trate de solicitudes formuladas a outros Estados, este prazo será de 12 meses.»

Dez. Introdúcese un novo artigo 115 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 115 bis. *Notificacións en enderezo electrónico.*

1. Cada Administración tributaria poderá acordar a asignación dun enderezo electrónico para a práctica de notificacións aos obrigados tributarios que non teñan a condición de persoa física. Así mesmo, poderase acordar a asignación dun enderezo electrónico ás persoas físicas que pertencen aos colectivos que, por razón da súa capacidade económica ou técnica, dedicación profesional ou outros motivos acreditados, teñan garantido o acceso e a dispoñibilidade dos medios tecnolóxicos precisos.

Este enderezo electrónico debe reunir os requisitos establecidos no ordenamento xurídico para a práctica de notificacións administrativas electrónicas con plena validez e eficacia, resultando de aplicación o disposto nos puntos segundo e terceiro do artigo 28 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.



2. Transcorrido un mes desde a publicación oficial do acordo de asignación, e logo de comunicarlo ao obrigado tributario, a Administración tributaria correspondente practicará, con carácter xeral, as notificacións no enderezo electrónico.

3. A práctica de notificacións no enderezo electrónico non impedirá que a Administración tributaria posibilite que os interesados poidan acceder electronicamente ao contido das actuacións administrativas na sede electrónica correspondente cos efectos propios da notificación por comparecencia.

4. No ámbito de competencias do Estado, mediante orde do ministro de Economía e Facenda regularase o réxime de asignación do enderezo electrónico pola Axencia Estatal de Administración Tributaria así como o seu funcionamento e extensión ao resto da Administración tributaria estatal.

En todo caso, os obrigados a recibir as notificacións telemáticas poderán comunicar que tamén se considere como enderezo electrónico calquera outro que fose habilitado pola Administración do Estado para recibir notificacións administrativas electrónicas con plena validez e eficacia.

5. Para os efectos deste artigo, calquera Administración tributaria poderá utilizar o enderezo electrónico previamente asignado por outra Administración tributaria, logo do correspondente convenio de colaboración, que será obxecto de publicidade oficial.

6. Fóra dos supostos que se establezan conforme o disposto neste artigo, para que a notificación se practique utilizando algún medio electrónico, requirirase que o interesado sinalase este medio como preferente ou consentise a súa utilización.»

Once. Engádesse un novo número 3, renumerándose o actual número 3 como 4, no artigo 128, coa seguinte redacción:

«3. De conformidade co artigo 100.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, cando o obrigado tributario inicie un procedemento de rectificación da súa autoliquidación e se acorde o inicio dun procedemento de comprobación ou investigación que inclúa a obriga tributaria a que se refire o procedemento de rectificación, este finalizará coa notificación de inicio do procedemento de comprobación ou investigación.»

Doce. Engádesse un novo número 6 no artigo 134, coa seguinte redacción:

«6. As liquidacións ditadas segundo os números anteriores poden ser obxecto de nova comprobación nos termos a que se fai referencia no artigo 78 do Regulamento (CE) n.º 2913/1992 do Consello, do 12 de outubro, polo que se aproba o Código alfandegueiro comunitario.»

Trece. Modifícase a alínea c) do número 1 do artigo 147, que queda redactada da seguinte forma:

«c) Que a sociedade fose constituída por un ou varios fundadores sen que no prazo de tres meses desde a solicitude do número de identificación fiscal se inicie a actividade económica nin tampouco os actos que de ordinario son preparatorios para o seu exercicio efectivo, salvo que se acredite suficientemente a imposibilidade de realizar os ditos actos no mencionado prazo.

No suposto regulado no artigo 4.2.I), o prazo anteriormente sinalado comezará a contar desde que se presentase a declaración censual de modificación nos termos establecidos no artigo 12.2, terceiro parágrafo.»

Catorce. Engádesse un novo número 8 no artigo 197, coa seguinte redacción:

«8. Para a execución das resolucións administrativas e xudiciais, os órganos de inspección poderán desenvolver as actuacións que sexan necesarias e poderán, se é o caso, exercer as facultades previstas no artigo 142 da Lei 58/2003, do 17 de

decembro, xeral tributaria, e realizar as actuacións de obtención de información pertinentes. Non obstante, cando de acordo co disposto no artigo 66.4 do Regulamento xeral de desenvolvemento da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, en materia de revisión en vía administrativa, aprobado polo Real decreto 520/2005, do 13 de maio, as mencionadas resolucións ordenasen a retroacción de actuacións, estas desenvolveranse de acordo co disposto no artigo 150.5 da citada lei.»

**Disposición transitoria única.** *Réxime transitorio das entidades a que se refire a alínea l) do artigo 4.2 do Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo.*

As persoas ou entidades que antes da entrada en vigor das modificacións introducidas por este real decreto nos artigos 4.2.l), 12.2, e 147.1.c) do Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, constituísen entidades ás cales se refire o citado artigo 4.2.l), deberán comunicar á Administración tributaria, mediante escrito asinado polo representante das ditas entidades, todos os números de identificación fiscal outorgados a elas.

Se no momento de efectuar a citada comunicación xa se produciu a transmisión a que se refire o mencionado artigo 4.2.l), deberá indicarse a dita circunstancia e incluírse a información exixida no artigo 12.2 do Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo.

O prazo para efectuar a citada comunicación será dun mes contado desde o día seguinte ao da data de publicación deste real decreto.

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», salvo o disposto na nova disposición adicional sexta do Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, aprobado polo Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro, que entrará en vigor o 1 de novembro de 2009.

Dado en Madrid o 8 de xaneiro de 2010.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia,  
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ